

**O TRATAMENTO
INTEGRADO DE
LINGUAS (TIL)
NO MARCO DA
LOMCE**

IES FÉLIX MURIEL

2015-16

2016-17

CAMBIOS PROPICIADOS POLA LOE QUE TAMÉN RECOLLE A LOMCE

❖ Cambios no papel do alumno/a na aula:

1. *Potenciación da aprendizaxe por competencias*
2. *Capacidade para aprender por si mesmos e en equipo*

❖ Cambios no papel das familias:

*As nais ou os/as titores/as legais **deberán apoiar e participar** na evolución do proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as ou tutelados/as, así como **coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción**, e **colaborar nas medidas de apoio ou reforzo** que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e **terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións** que se lles realicen aos/ás seus/súas fillos/as ou tutelados/as*

❖ Cambios no rol docente:

- Atención á diversidade e respecto polos distintos ritmos de aprendizaxe
- Metodoloxía activa e participativa, deseñando actividades que integren todas as competencias
- Deseño de tarefas e situacións de aprendizaxe formais e informais, que posibiliten a aplicación dos coñecementos. **Os contidos están subordinados á acción.**
- Traballo en equipo do profesorado, proporcionando un enfoque multidisciplinar

❖ A LOMCE sinala que para superar esta etapa educativa é necesario cumprir dous requisitos:

- **Acadar os Obxectivos da ESO**
- **Acadar un adecuado desenvolvemento das Competencias Clave**

COMPETENCIAS CLAVE

“As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Coñecemento na práctica, “saber facer”.

- **CCL (Comunicación Lingüística)**
 - Saber escoitar
 - Saber falar
 - Saber ler
 - Saber escribir

- **CAA (Aprender a Aprender)**
 - Saber autocorrexirse, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe
 - Demostrar curiosidade e interese por aprender
 - Ser quen de autoavaliarse e coavaliar aos compañeiros/as
 - Desenvolver hábitos de traballo

- **CD (Dixital)**
 - Ser quen de utilizar as novas tecnoloxías ao servizo da propia aprendizaxe
 - Saber buscar e seleccionar información na rede
 - Saber crear novos contidos na rede
 - Iniciar o proceso de alfabetización múltiple

- **CSC (Social e Cívica)**
 - Desenvolver habilidades sociais
 - Saber respectar aos demais
 - Rexeitar os prexuizos e calquera tipo de discriminación
 - Coñecer e respectar os dereitos humanos e as normas que nos rexen (Constitución e Estatuto)

- **CSIEE (Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor)**
 - Saber desenvolverse con autonomía
 - Asumir responsabilidades
 - Saber traballar en equipo
 - Mostrar iniciativa e creatividade

- **CCEC (Conciencia e expresións culturais)**
 - Respectar todas as expresións culturais
 - Comprender as manifestacións artísticas

- **CMCCT (Matemática e Coñecemento Científico Tecnolóxico)**
 - Saber ler un mapa e interpretar unha gráfica
 - Distinguir formas e volumes
 - Entender o que supón o coñecemento científico
 - Descubrir a tecnoloxía no ámbito do cotián

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual e TICs
- Educación cívica e constitucional
- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero
- Rexeitamento de contidos sexistas e da discriminación por razón da orientación sexual, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Resolución pacífica de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia
- Respecto polos dereitos humanos, pola liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, a pluralidade e o Estado de dereito

OBXECTIVOS DA ESO

- 1) *Asumir responsablemente os seus **deberes**, coñecer e exercer os seus **dereitos** no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*
- 2) *Desenvolver e consolidar **hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo**, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
- 3) *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. **Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.***
- 4) *Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como **rexear a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.***
- 5) ***Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información**, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*
- 6) *Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e **aplicar os métodos para***

identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- 7) *Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o **sentido crítico**, a **iniciativa persoal** e a **capacidade para aprender a aprender**, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*
- 8) **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.**
- 9) **Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.**
- 10) *Coñecer, valorar e **respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas**, así como o patrimonio artístico e cultural. **Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.***
- 11) *Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, **respectar as diferenzas**, afianzar os **hábitos de coidado e saúde corporais**, e incorporar a educación física e a **práctica do deporte** para favorecer o desenvolvemento persoal e social. **Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.** Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o **coidado dos seres vivos e o medio ambiente**, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*
- 12) *Apreciar a creación artística e **comprender a linguaxe das manifestacións artísticas**, utilizando diversos medios de expresión e representación.*

13) **Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia**, participar na súa conservación e na súa mellora, e **respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas**, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

14) **Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia**, e como medio de relación interpersoal e **expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe**, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á **comunidade lusófona**.

O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

Coa entrada en vigor da LOMCE, o Ministerio publicou unha [Orde arredor da importancia das Competencias Clave](#) e o [Decreto polo que se establecía o currículo de ESO e Bacharelato](#), no que se abordaba a necesidade do **Tratamento Integrado de Linguas** nos preámbulos das materias lingüísticas, seguindo as pautas marcadas pola Unión Europea desde 2001. A Consellaría de Educación, adaptou esa Orde e publicou un [Decreto e unhas Instrucións](#) para dar cumprimento á nova lexislación, que recolle importantes cambios relacionados coas linguas:

❖ Cambios metodolóxicos

- *Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable **que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado**, e dea continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.*

- ***Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa**, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán:*
 1. *acordos sobre **criterios metodolóxicos** básicos de actuación en todas as linguas,*
 2. *acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar,*
 3. *acordos sobre o tratamento que se lles dará aos **contidos**,*

4. acordos sobre os **critérios de avaliación** e aos **estándares de aprendizaxe** similares en cada materia lingüística,
5. acordos **para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.**

➤ **Os métodos docentes deberán favorecer a motivación** por aprender nos alumnos/as, polo que os docentes deberán ser quen de xerar neles **curiosidade** e a necesidade de adquirir coñecementos, habilidades e valores. *Recoméndase:*

1. **A aprendizaxe por proxectos** (proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un resultado práctico). *Esta metodoloxía favorece a tarefa investigadora, a reflexión e a crítica.*
2. **O uso do portfolio** (carpeta de aula virtual ou material, que aporta información sobre o alumnado e permite mostrar os resultados da súa aprendizaxe, reforzando o proceso de avaliación continua.

➤ O profesorado debe procurar:

1. **que o alumnado comprenda o que aprende**
2. **que o alumnado saiba para que aprende**
3. **que o alumnado sexa capaz de usar / aplicar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.**

❖ **Cambios nos recursos didácticos**

➤ O papel do docente como xerador dos seus propios recursos xunto ao enfoque interdisciplinar e integrador que a lei demanda impide o uso tradicional do libro de texto como referente máximo no proceso de ensino – aprendizaxe, polo que este converterase nun **Libro de Apoio** para o alumnado, pero será só un recurso máis, nunca o único.

- A innovación metodolóxica ao servizo do desenvolvemento das competencias básicas trae consigo novos recursos que a propia lei sinala como necesarios: ***Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.***

**ACORDOS
ACADADADOS PARA O
TRATAMENTO
INTEGRADO DE
LINGUAS (TIL)**

IES FÉLIX MURIEL

METODOLOXÍA

Pretendemos reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Trátase polo tanto dunha didáctica en que o alumnado pasou (hai xa tempo) de ser mero receptor de contidos teóricos a ser actor e protagonista. Neste sentido guíannos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe inductiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

Seguiremos as liñas metodolóxicas enumeradas no [Decreto 133/2007](#), que son as seguintes:

- ✓ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- ✓ Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- ✓ Fomentar a formulación de hipóteses.
- ✓ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- ✓ Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- ✓ Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.

- ✓ Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
- ✓ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- ✓ Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- ✓ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

MATERIAIS (alumno/a)

- **Carpeta de linguas** (unha carpeta de aneis para todas as materias lingüísticas: LGL, LCL, LE (inglés, francés ou portugués) e LC (latín e grego))
- **Folios en branco** (entregaráselles un folio “patrón”)
- **Bolígrafo** (un azul ou negro e un vermello)
- **Correo electrónico** (con autorización da nai, pai ou persoa titora)

(Esta metodoloxía será de aplicación ao longo dos 4 cursos da ESO)

PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS

1. TRABALLOS A MAN

- Os traballos e/ou tarefas entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor.
- O traballo incluírá obrigatoriamente (sexa na portada ou como encabezamento) a seguinte información: Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación á que pertence o exercicio.
- Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm) pois dan limpeza ao escrito e permiten facer anotacións ao profesor. Ademais débese garantir a distancia adecuada entre as liñas e que estas estean aliñadas horizontalmente no folio, para o cal é aconsellable o uso de padróns.
- É aconsellable realizar borradores previos. Débese coidar a letra e a limpeza na presentación definitiva.
- Os parágrafos deben estar sangrados.
- As follas que se entreguen deben estar obrigatoriamente unidas con grampas.

2. TRABALLOS A ORDENADOR

Os traballos a ordenador constarán dos seguintes apartados:

- **Portada.** Debe conter o título do traballo (no centro da folla e con maior tamaño que o resto) e o nome e curso do alumno na marxe inferior dereita.
- **Índice.** Nel recóllense todos os capítulos e apartados do traballo indicando a páxina na que se atopan.
- **Follas de desenvolvemento.** Escritas por unha soa cara respectando unhas marxes determinadas (por defecto: esquerdo e dereito, 3 cm;

inferior e superior, 2'5 cm). Os tipos de letra máis habituais son Calibri e Arial; en canto ao seu tamaño, dependendo da fonte, variaría entre o 12 para o texto, 14/16 para os subtítulos e 18 para o título. Un entreliñado de 1.5 é o adecuado . Cada capítulo ou apartado principal, destacarase en negriña e comezará páxina nova. As páxinas deberán numerarse empezando a contar a partir do índice.

- **Introdución e conclusión.** A partir de 3º de ESO, tralo índice, debe aparecer unha introdución que xustifique e presente o traballo; ao final, aparecerá unha conclusión a modo de peche.
- **Bibliografía.** Ao final do traballo, aparecerá a fonte ou fontes ás que se acudira en busca de información, citándoa da seguinte forma:

APELIDO, Nome, Título, Editorial.

Se a consulta se realiza a través da Internet, deberá poñerse a dirección da páxina visitada.

- **Encadernación.** As follas que se entreguen deben estar obrigatoriamente unidas con grampas.

NOTA: Os **prazos** indicados polo profesorado serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.

PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES

- Debe empregarse exclusivamente bolígrafo azul ou negro: nin lapis nin *tipex*.
- Salvo indicación en sentido contrario, as respostas aparecerán nos folios en branco, nunca na folla do exame.
- É conveniente deixar marxes para facilitar a corrección. Na medida do posible, evítanse as tachas.
- É obrigatorio sangrar os parágrafos.
- Non se utilizarán padróns.

- As páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome do alumno/a.
- Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregárase o mesmo mecanismo das notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (*1/ *2) para facilitar a corrección do exame.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS REQUERIDOS

1. Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico e dos medios de comunicación.
2. Producción de textos sinxelos; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.
3. Participación activa en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico e non académico.
4. Detección do tema e do subtema en distintos tipos de texto. Subliñado das ideas principais.
5. Lectura en voz alta, con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación.
6. Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
7. Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios). Respecto polas normas ortográficas. Adquisición de novo vocabulario.
8. Comprensión e respecto pola realidade plurilingüe na que habitamos, evitando prexuízos.
9. Uso das TIC para obter información.
10. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

REPARTO CONTIDOS

1º TRIMESTRE

LINGUA GALEGA E LITERATURA

BLOQUE 1. Comunicación oral

- Instrucións e normas

BLOQUE 2. Comunicación escrita

- Elaboración de esquemas, resumos e definicións (explicación e posta en práctica)
- Uso do correo electrónico

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua

- As propiedades textuais: adecuación, coherencia e cohesión

BLOQUE 4. Lingua e sociedade

- Un mundo de linguas

BLOQUE 5. Educación literaria

- A tipoloxía textual.
- O texto expositivo
- A canción

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

BLOQUE 1. Comunicación oral

- Instrucións e normas

BLOQUE 2. Comunicación escrita

- Elaboración de esquemas, resumos e definicións (posta en práctica)

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua

- As propiedades textuais: adecuación, coherencia e cohesión
- Clases de palabras: Substantivos e verbos (a narración)

BLOQUE 4. Educación literaria

- A tipoloxía textual.
- Textos literarios e non literarios
- A narración (substantivos e verbos)

LINGUA INGLESA

BLOQUE 1. Comunicación oral

- Instrucións e normas
- O abecedario (AFI)

BLOQUE 2. Comunicación escrita

- Números e datas

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua

- Discriminación da información

BLOQUE 4. Educación literaria

- A tipoloxía textual.
- Preguntas e rexistros

LINGUA FRANCESA

BLOQUE 1. Comunicación oral

- Instrucións e normas
- O abecedario (AFI)

BLOQUE 2. Comunicación escrita

- Números e datas

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua

- Discriminación da información

BLOQUE 4. Educación literaria

- A tipoloxía textual.
- Preguntas e rexistros

LINGUA PORTUGUESA

BLOQUE 1. Comunicación oral

- Instrucións e normas

- O abecedario (AFI)

BLOQUE 2. Comunicación escrita

- Números e datas

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua

- Discriminación da información

BLOQUE 4. Educación literaria

- A tipoloxía textual.
 - Preguntas e rexistros
-

OBSERVACIÓNS:

- Todas as materias lingüísticas iniciaremos o curso coas instrucións e as normas.
- Continuaremos co desenvolvemento da Avaliación Inicial.
- Posteriormente, iniciaremos os contidos de 1ºESO nas materias lingüísticas abordando o tema do plurilingüismo: ***Un mundo de linguas***. Contexto común do que todas as linguas partiremos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Observación directa do labor desenvolvido polo alumnado
2. Producións escritas do alumnado
3. Exposicións orais
4. Proba escrita (exame)
5. Proxectos

REPARTO DE CONTIDOS

2º TRIMESTRE

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. Coloquios, debates e conversas espontáneas.
2. Procura a manexo de información en Bibliotecas e Páxinas Web.
3. Uso da Aula Virtual
4. As propiedades textuais. Corrección ortográfica e gramatical.
5. Funcionamento da Lingua. Clases de palabras: Substantivos e verbos (Reforzo do abordado por LCL no 1º trimestre)
6. Lingua e sociedade. As linguas do Estado Español.
7. A tipoloxía textual:
 - a. O texto expositivo.
 - b. Repaso do texto argumentativo.
8. Produción de textos narrativos e descritivos (aplicando o visto en LCL) ademais de expositivos e argumentativos.
9. O cómic.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1. Coloquios, debates e conversas espontáneas.
2. Procura a manexo de información en Bibliotecas e Páxinas Web.
3. As propiedades textuais. Corrección ortográfica e gramatical.
4. Funcionamento da Lingua. Clases de palabras: Adxectivos e adverbios (para traballar a descrición)
5. Lingua e sociedade. As linguas do Estado Español.
6. A tipoloxía textual:
 - a. Os xéneros literarios.
 - b. A descrición (adxectivos e adverbios).

LINGUAS ESTRANXEIRAS (INGLÉS, FRANCÉS e PORTUGUÉS)

1. Conversas espontáneas.
 2. Procura a manexo de información en Bibliotecas e Páxinas Web.
 3. Tratamento de respecto.
 4. Descricións.
 5. Dramatizacións de escenas da vida cotiá.
-

OBSERVACIÓNS:

- Todas as materias lingüísticas iniciaremos o segundo trimestre partindo da avaliación dos resultados do 1º trimestre coas propostas de mellora de cara ao 2º trimestre.
- Continuaremos coas instrucións e as normas trasladándoas ao contexto dun coloquio e dun debate.
- Posteriormente, iniciaremos os contidos do 2º trimestre nas materias lingüísticas abordando o tema do multilingüismo: ***As linguas do estado español***. Contexto común do que todas as linguas partiremos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Observación directa do labor desenvolvido polo alumnado
2. Producións escritas do alumnado
3. Producións orais do alumnado
4. Probas escritas
5. Probas de comprensión oral
6. Proxecto de Investigación